



DIRECCIÓN DE ENFERMARÍA DA ÁREA SANITARIA A CORUÑA E CEE

CORRECCIÓN DE ERROS: CONVOCATORIA INTERNA PARA O PERSOAL CON PRAZA FIXA NA
ÁREA DETERMINADA DO LABORATORIO DE INMUNOLOXÍA DO HOSPITAL TERESA HERRERA

Advertido un erro na antedita convocatoria, cómpre voltar publicar unha nova coas oportunas modificacións:

A Dirección de Enfermaría da Área Sanitaria A Coruña e Cee

RESOLVE

A convocatoria de postos de TEL para o Laboratorio de Inmunoloxía, conforme ás seguintes

BASES:

Primeira: Características dos postos que se convocan:

HOSPITAL	UNIDADE	ADE	TURNO	COLECTIVO	CONSULTA/ÁREA
TH	LAB. INMUNO	1	TFM+LOCALIZACIÓN	T.E.LI	HISTOCOMPATIBILIDADE
TH	LAB. INMUNO	1	TFM+LOCALIZACIÓN	T.E.LI	AUTOINMUNIDADE

Segunda: A cobertura farase segundo os criterios de mobilidade en área determinada recollidos na base décimo segunda da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 16 de xaneiro do 2024.

Terceira: O criterio de adxudicación será o de antigüidade como propietario/a na Unidade, sendo de aplicación no caso de empate o baremo xeral contido nas bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 16 de xaneiro do 2024.

Cuarta: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Complexo Hospitalario, mediante escrito dirixido á Dirección de Enfermaría no prazo de 7 días naturais a contar dende o día seguinte a data de publicación da convocatoria nos taboleiros da unidade e na páxina do Espazo Profesional.

Quinta: Os/as participantes que xa tivesen presentado a solicitude de participación conforme o establecido na CONVOCATORIA INTERNA PARA O PERSOAL CON PRAZA FIXA NA ÁREA DETERMINADA DO LABORATORIO DE INMUNOLOXÍA DO HOSPITAL TERESA HERRERA de data de 10 de xullo do 2025 e non desexen modificar a elección de destinos realizados, non terán que realizar ningunha actuación.

A Coruña, a 18 de xullo de 2025

Asdo: Enrique González Rodríguez
Director de Enfermaría

